

**Acta núm. 08/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 03 de maio de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Sandy Marie Cebral Gómez.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Non asiste: José Luis Sampedro Bouzas.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 03 de maio de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 07/2022, DO 19.04.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) MODIFICACIÓN DE LICENZA OBRA MAIOR.
- 6º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 7º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 07/2022, DO 19.04.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 19.04.2022, acta núm. 07/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN CARLOS RAMIREZ PÉREZ, na que comunica que vai reparar un muro de peche existente na fachada dianteira do edificio, aumentar a altura con bloques de formigón vistos e engadir un peche de lamas de aluminio por enriba ata unha altura total de 1,80 metros medidos sobre a beirarrúa, en Babenzo 46 – Bastavales. A edificación onde se pretende executar a obra, “Complexo residencial O Mirador”, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A parte cega do muro non poderá exceder a altura de 1,20 mts.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,71 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL BLANCO FIDALGO, na que comunica que vai reparar dous alpendres existentes en Piñeiro 11 – Os Ánxeles, sen modificar

a estrutura nin incrementar o volume actual das edificacións, para garantir as condicións de estanquidade e illamento dos mesmos, realizando as seguintes obras:

- Substituír a totalidade da tella existente en mal estado por tella nova.
- Revocar interiormente as paredes.

A parcela (ref. catastral 6143603NH2464S0001QZ) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO JOSÉ DE LA PAZ DE LA PAZ, na que comunica que vai construír un peche dunha parcela sita en Cirro- San Salvador, coas seguintes características:

- No fronte da parcela, con parte opaca de formigón ata unha altura de 1,20 metros e celosía ata 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo. O peche colocárase formando un resío de 3 metros de profundidade.
- No lateral e fondo da parcela, con postes de formigón e malla metálica ata unha altura de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

A parcela (ref. catastral 7732506NH2473S0001KI), na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), e sitúase dentro da zona de protección de leitos do rego de Cirro.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 23.02.2022, (clave DH.W15.74460), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche en contacto coa vía pública situarase mínimo a 5,5 metros do eixe do vial.
- O peche que está na zona de policía do leito afectado cumprirá as condicións da autorización outorgada por Augas de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 104,24 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 168,81 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN ANTONIO GARCÍA MEIJIDE, na que comunica que vai acondicionar un local comercial para actividade de "Clínica de beleza con tratamentos médicos", sito na Avda. de Noia 38 – local 3 – Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro industrial Juan José Seoane Ferreiro, de data 31.03. 2022.

O local atópase nunha edificación que esta situada en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1) e conta con licenza de primeira ocupación para locais comerciais e garaxe, outorgada pola Xunta de Goberno Local do 31.07.2007.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Unha vez rematadas as obras de acondicionamento do local e con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ao respecto pola Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación:

- Documento acreditativo do final de obra.
- Autorización de funcionamento do servizo sanitario, en base ao Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 79,07 euros

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCIAL GONDAR PORTASANY, na que comunica que vai instalar placas solares para autoconsumo na vivenda sita en Souto 10 – Os Ánxeles, co fin de aproveitar a enerxía solar, e beneficiarse do aforro enerxético xerado para o autoconsumo eléctrico doméstico. As placas (11 módulos) instalaranse sobre a cuberta da vivenda.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 137,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 201,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PEDRO JAVIER GOYANES GARCÍA, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta tipo 3B, segundo a definición do Decreto 119/2019, polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia, en Chave de Ponte 44, Bastavales.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8712208NH2481S0000SM), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Situarase mínimo a 5 metros do eixe do vial posterior e a 3 metros mínimo de tódolos linceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 309,99 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por YOANI LÓPEZ CAMIÑO, na que comunica que vai construír un acceso de 14 m. de lonxitude aproximadamente, ás parcelas con referencia catastral núm. 15013A054001370000UD e 15013A054001360000UR, sitas en Sabaxáns - Bastavales, colocando previamente tubo de formigón de 40 centímetros de diámetro para a canalización de pluviais.

As parcelas onde se pretende executar a obra, emprázanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico en aplicación do disposto na disposición transitoria primeira letra 2.b) da Lei

2/2016, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIA RAMÓN DÍEZ, na que comunica que vai realizar varias obras nunha vivenda sita no lugar de Ombre nº 12 – Viceso, co fin de mellorar a súas condicións de eficiencia enerxética, consistentes en:

- Trasdado de paredes da vivenda para mellorar as condicións de illamento térmico (pladur + illamento).
- Mellorar o illamento térmico do espazo baixo cuberta, instalando unha nova tarima sobre as vigas, e a colocación conseguinte sobre o entarimado de material illante (lana de roca).
- Substitución das actuais ventás de madeira por outras de PVC.
- Instalación de sistema de aerotermia para a produción de auga quente sanitaria.

A parcela (ref. catastral 0271508NH2407S0001TW) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo planeamento como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 421,21 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 485,78 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA SEÑORIS VÁZQUEZ, na que comunica que vai reparar parte da fachada que da fronte a vía pública, nunha vivenda sita na Avda. de Noia nº 11 - Os Ánxeles.

A parcela na que se empraza a edificación (ref. catastral 6947403NH2464N0001KD), na que se pretende executar as obras, atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 12,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 77,27 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL ANGEL PEDRARES RAMOS, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita no lugar de Salaño Grande – Ons, con bloques e arame.

A parcela (ref. catastral 15013B502000210000MR), na que se pretenden executar as obras, emprázase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo rústico de protección de recursos agropecuarios (RC).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche non poderá exceder a altura de 1,00 metro na súa parte opaca e non podendo superar a altura total (arameira incluída e postes) de 1,50 metros.
- No caso de dar fronte ao vial, deberá de afastarse a 5 metros do eixo do mesmo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 40,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 104,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda (ref. catastral: 98143702NH2484S0001XY), sita no lugar de Outeiro nº 3 – Os Ánxeles. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabia dunha lonxitude total de 16 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 06.04.2022, (expte. 22200680).

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 19.04.2022 (clave DH.W15.84716), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 367,77 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 75,35 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 139,92 euros

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por AMELIA PÉREZ MOSTEIRO, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Brans de Abaixo 39 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo, visado con data 11.11.2021 e documentación complementaria visada con data 17.02.2022 e 18.04.2022 (expte. nº 2106585).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral nº 7066205NH2476N0001JT) emprázase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural en áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo, visado con data 11.11.2021 e documentación complementaria visada con data 17.02.2022 e 18.04.2022 (expte. nº 2106585).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (87,00 m² aceptados pola Xunta de Goberno Local do 01.03.2018), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeadado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 4.526,97 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 4.623,00 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ CORDERO TORRÓN, na que solicita licenza para a execución de obras de drenaxe e conservación dun muro de contención xa existente, nunha parcela sita no lugar de Brans de Abaixo, consistentes en: Obras de reforzo estrutural, concretamente reforzo e ampliación da zapata do muro de contención que acada unha

altura variable entre 3 e 4 metros sobre o linde particular da parcela na que se asenta, e mellorar as condicións de drenaxe do mesmo (colocación de tubo de drenaxe polo intradós do muro), e a impermeabilización do mesmo, segundo proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico Alexandre Marcos Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de A Coruña con data de 22.03.2022.

A parcela (ref.catastral 7065804NH2476N0001RT) onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto técnico Alexandre Marcos Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de A Coruña con data de 22.03.2022.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 92,44 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 188,47 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de RODRIGO LAGO MANTEIGA e EVA QUINTELA FRAGA, na que solicita licenza para rehabilitar unha vivenda unifamiliar sita na rúa do Moutello nº 15 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado con data 29.04.2022 (expte. 2106685), e documentación complementaria presentada o 02.05.2022. A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral nº 6259916NH2466S0001XO) emprázase sobre un ámbito clasificado como solo solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado con data 29.04.2022 (expte. 2106685), e documentación complementaria presentada o 02.05.2022.

- Para garantir o estado da beirarrúa e a correcta conexión cos servizos urbanísticos existentes imponse unha garantía de 900,00€, que os interesados deberán presentar no Concello mediante aval bancario ou fianza en metálico, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.667,75 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.763,78 euros.

QUINTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por OLAYA SANTAMARÍA QUEIRUGA, de solicitude de modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 01.12.2020, para construír unha vivenda unifamiliar na Rúa da Pomba 7, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15.05.2020 e documentación complementaria visada o 16.09.2020 e 12.11.2020, modificada pola Xunta de Goberno Local do 14.12.2021, segundo "Modificado do proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar illada en Brión" redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.10.2021 (n.r.e.: 1902566); para a incorporación expresa da aceptación da cesión dos terreos situados fora das aliñacións segundo plano de emprazamento recollido no proxecto licenciado.

Segundo informe da arquitecta municipal a modificación pretendida non modifica a implantación da edificación no terreo, a edificabilidade nin a ocupación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Aceptar a cesión efectuada de 25,64 m², destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 02 de maio de 2022.

SIXTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Margarita Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de RAQUEL CASTRO FREIRE, na que solicita licenza para regularización, a partir dunha recente parcelación autorizada en Xunta de Goberno Local de data de 25.06.2019 no lugar de Outeiro – Os Ánxeles, segundo proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Margarita Sánchez Vázquez, visado en data de 10.02.2022, (expte. 20220136).

ANTECEDENTES:

En data de 25.06.2019 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de segregación a dona Filomena Freire Vázquez sobre a finca de C. Parcelaria nº 1.109 da zona dos Ánxeles (ref. cat.: 8042706NH2484S0001GY).

Clasificación: A parcela obxecto de segregación aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como de núcleo rural (SNR), séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación na zona leste (Ordenanza nº 8).

As parcelas resultantes, descritas como PARCELA A, PARCELA B e RESTO DA FINCA MATRIZ, teñen a seguinte extensión superficial, asignándolle, conforme ao establecido polo artigo 150 da LSG, as parcelas de cesión para viario, a saber:

Parcela A:

Superficie bruta: 737,80m².

Superficie de cesión: 19,20m² (a 4,00 metros do eixo do eixo do camiño).

Superficie neta: 718,60m².

Parcela B:

Superficie bruta: 659,77m².

Superficie de cesión: 18,05m² (a 4,00 metros do eixo do camiño).

Superficie neta: 641,72m².

Resto finca matriz:

Superficie bruta: 1.767,00m².

Superficie de cesión: 89,73 m² (a 4,00 metros do eixo do camiño).

Superficie neta: 1.677,27m².

A suma das parcelas de cesión arrojan unha superficie total para ampliación de viario de: 126,98 m².

PROCESO DE REGULARIZACIÓN DE PREDIOS:

Para realizar a presente regularización, primeiro agrúpanse as tres parcelas resultantes, e a partir da parcela agrupada, segregase en outras tres novas parcelas, variando a súa configuración e superficies netas.

1.- AGRUPACIÓN:

Descrición das parcelas de orixe:

• **Parcela A2:**

Referencia catastral: 8042709NH2484S0000KT.

Superficie neta: 718,60 m2.

Clasificación: Atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: terreo excluído.

Sur: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria, despois de parcela A1 segregada e cedida para viario.

Leste: terreo excluído e parcela B2.

Oeste: Carmen Riveiro Cerqueiro (1.110).

• **Parcela B2:**

Referencia catastral: 042708NH2484S0000OT.

Superficie neta: 641,72 m2.

Clasificación: Atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: terreo excluído.

Sur: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria, despois de parcela A1 segregada e cedida para viario.

Leste: Román Riveiro Cerqueiro (1.108) e resto da finca matriz.

Oeste: parcela A2.

• **Resto finca matriz:**

Referencia catastral: 8042706NH2484S0001GY.

Superficie neta: 1.677,27 m2.

Clasificación: Atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Román Riveiro Cerqueiro (1108) e terreo excluído.

Sur: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria, despois de parcela A1 segregada e cedida para viario

Leste: terreo excluído e camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria, despois de parcela A1 segregada e cedida para viario.

Oeste: Parcela B2

Agrupación e Posterior Segregación:

As tres parcelas agrúpanse nunha única finca da superficie de: 3.037,59 m², a partir da finca agrupada segréganselle dúas parcelas; dando como resultado 3 novas parcelas, que se describen no apartado seguinte.

Segregación. Descrición das parcelas resultantes:

1.- parcela A.

Superficie neta: 896,46 m².

Clasificación: Atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Terreo excluído.

Sur: Camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Leste: Terreo excluído, resto de parcela agrupada e parcela B.

Oeste: Carmen Riveiro Cerqueiro (1.110).

2.- Parcela B.

Superficie neta: 707,52 m².

Clasificación: Atópase dentro da delimitación de solo clasificado como Solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Resto de parcela agrupada.

Sur: Camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Leste: Resto de parcela agrupada.

Oeste: Parcela A.

3.- Resto parcela agrupada.

Superficie neta: 1.433,61 m².

Clasificación: Atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Román Riveiro Cerqueiro (1.108) e terreo excluído.

Sur: Camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Leste: Román Riveiro Cerqueiro (1.108), terreo excluído e Camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Oeste: Parcelas A e B.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

SÉTIMO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de IVÁN LOSADA VILLAR, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Gándara 23, San Salvador.

A Xunta de Goberno Local o 28.07.2020 concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Gándara nº 23 – San Salvador, segundo proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado o 15.07.2020 polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia, (n.r.e.: 2003266).



A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, con data 08.09.2021, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

OITAVO .- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,12 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González